

**ADDENDA**  
**á programación didáctica do departamento de Grego do**  
**IES VIRXE DO MAR (Noia)**

De acordo coa orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11-02-2022), cómpre que este departamento faga as seguintes modificación na súa programación didáctica:

**EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (3º ESO)**  
**Páxina 142 da programación entregada en setembro**

**❖ 3.9.2.- AVALIACIÓN ORDINARIA**

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación: a primeira, na primeira semana de decembro; a segunda, na segunda semana de marzo; e a terceira, que este ano como novidade será o 6 de xuño. Despois desta avaliación o alumnado xa aprobado no conxunto do curso nunca podería de baixar de puntuación na súa avaliación final, mentres que alumnado suspenso a estas alturas aínda tería a posibilidade de recuperar nas xornadas que restan até o final do curso académico. É dicir, na avaliación final, que terá lugar a partir do 22 de xuño, só cabe a posibilidade de incrementar as notas obtidas anteriormente.

**❖ 3.9.3.- AVALIACIÓN FINAL**

Como novidade para este curso académico, haberá unha avaliación final para todo o alumnado (acadase ou non unha cualificación positiva nas avaliacións 1ª, 2ª e 3ª) que terá lugar a partir do 22 do mes de xuño. Xa que logo, neses días realizaranse recuperacións das avaliacións que o alumnado non teña aínda aprobadas, incorporándose o seu resultado ao cálculo da nota media final, e encargaráselles a realización dun traballo creativo sobre Mitoloxía, que poderá incrementar a nota media final até un máximo de 1,5 puntos. O obxectivo desta medida extraordinaria é que a materia de Cultura Clásica non se convirta nun obstáculo para a posible promoción do alumnado.

O alumnado que xa teña unha media de aprobado (superior ao 4,5) no conxunto do curso realizará tarefas de consolidación e ampliación dos coñecementos adquiridos e mesmo tera a posibilidade de se presentar ás probas de recuperación co último obxectivo, no seu caso, de incrementar a cualificación final. Terá, por tanto, tamén a posibilidade de realizar un traballo creativo sobre Mitoloxía co que podería aumentar en 1,5 a cualificación media final.

## **BACHARELATO (1º BACH.)**

**Páxinas 40-41 da programación entregada en setembro**

### **❖ 5.9.2.- AVALIACIÓN ORDINARIA**

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación: a primeira, na primeira semana de decembro; a segunda, na segunda semana de marzo; e a terceira e final ordinaria, que este ano como novidade será o 6 de xuño.

### **❖ 5.9.3.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Como novidade para este curso académico, a avaliación extraordinaria para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria ordinaria do 6 de xuño terá lugar a partir do 22 dese mesmo mes. Na data que acorde o centro realizarase un exame escrito, sendo necesario obter unha nota mínima de 4,5 para superalo.

A partir, por tanto, do día 6 de xuño habilitaranse dúas vías diferentes de traballo:

a) O alumnado que suspendera a materia na avaliación ordinaria desenvolverá exercicios de reforzo naqueles apartados nos que se detectaran eivas insalvables. Traballarase de maneira individualizada con fichas adaptadas ad hoc para superar as carencias detectadas. Como entendemos o proceso como unha avaliación continua, o exame extraordinario adaptarase basicamente aos mesmos modelos contemplados na terceira avaliación.

b) O alumnado xa cualificado na avaliación extraordinaria, dado que non pode mellorar a cualificación obtida, seguirá asistindo a clase e realizará actividades de ampliación e reforzo. Entregaráselles unha selecta de textos de Apolodoro e Xenofonte (similar, aínda que obviamente máis reducida, á que se traballa en Grego II), que deben ir traducindo e presentando para a súa corrección. Simultaneamente tamén ampliarán a base dos seus coñecementos sobre a listaxe de helenismos propostos pola CIUG.

Noia, a 5 de abril de 2022

Asinado: o xefe do departamento

X. Carlos Maquieira Rodríguez